


Colexio Oficial  
de Enxeñeiros  
de Telecomunicación  
Galicia

**Regulamento particular  
de funcionamento**



# Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación Galicia

---

## Regulamento particular de funcionamento



colexio oficial  
**enxeñeiros de telecomunicación**  
galicia

Regulamento Particular de Funcionamento  
do Colexio Oficial de Enxeñeiros  
de Telecomunicación Galicia.  
Aprobado na Xunta de Goberno  
Territorial do 16 de setembro de 2004.

# Índice

---

## **CAPÍTULO PRIMEIRO**

Disposicións xerais

- 5 **Artigo 1.**
- 5 **Artigo 2.**
- 6 **Artigo 3.**
- 6 **Artigo 4.**

## **CAPÍTULO SEGUNDO**

Dos órganos do COETG

- 7 **Artigo 5.**
- 8 **Artigo 6.**
- 9 **Artigo 7.**
- 11 **Artigo 8.**
- 12 **Artigo 9.**
- 12 **Artigo 10.**
- 13 **Artigo 11.**
- 14 **Artigo 12.**
- 15 **Artigo 13.**
- 18 Do Decano do COETG
- 18 **Artigo 14.**
- 19 Do Vicedecano do COETG
- 19 **Artigo 15.**
- 20 Do Secretario do COETG
- 20 **Artigo 16.**
- 22 Do Tesoureiro do COETG
- 22 **Artigo 17.**
- 23 Dos Vogais da Xunta de Goberno Territorial do COETG
- 23 **Artigo 18.**
- 24 Da provisión de vacantes
- 24 **Artigo 19.**

---

## **CAPÍTULO TERCEIRO**

Dos recursos económicos e réxime patrimonial

26

**Artigo 20.**

27

**Artigo 21.**

## **CAPÍTULO CUARTO**

Réxime electoral

29

**Artigo 22.**

**Artigo 23.**

30

**Artigo 24.**

31

**Artigo 25.**

32

**Artigo 26.**

33

**Artigo 27.**

34

**Artigo 28.**

**Artigo 29.**

35

**Artigo 30.**

36

**Artigo 31.**

## **CAPÍTULO QUINTO**

Modificación do Regulamento Particular do COETG

37

**Artigo 32.**

**Artigo 33.**

38

**Artigo 34.**



## **CAPÍTULO PRIMEIRO**

### Disposicións xerais

#### **Artigo 1.**

Este Regulamento ten por obxecto o establecemento das normas particulares de funcionamento da Demarcación Territorial do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación en Galicia e as atribucións e deberes dos colexiados, de acordo co establecido nos Estatutos Xerais e Regulamento Xeral de Réximen Interior do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación.

#### **Artigo 2.**

A súa denominación será Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación Galicia (en diante COETG).

Establécese que a sede da demarcación territorial do COIT en Galicia estará situada na rúa Juana de Vega 4-1º I, 15003 A Coruña.

# 3 | 4

## **Artigo 3**

Quedan adscritos ó COETG os Colexiados con residencia habitual no ámbito de Galicia, nos termos indicados no artigo 7 do Regulamento Xeral de Réxime Interior do COIT, así como aqueles Colexiados residentes no estranxeiro que o soliciten expresamente.

## **Artigo 4**

Nos aspectos relacionados, concretamente, cos dereitos e deberes dos Colexiados, co exercicio profesional, co réxime disciplinario e co código deontolóxico, este Regulamento sométese ó ditado polo Regulamento Xeral de Réxime Interior do COIT vixente.



# 5

## **CAPÍTULO SEGUNDO** Dos órganos do COETG

### SECCIÓN PRIMEIRA Da Asemblea do COETG

#### **Artigo 5.**

A Asemblea do COETG é o órgano supremo de expresión da vontade dos colexiados residentes en Galicia e está constituída por todos eles.

Será convocada polo Decano Territorial do COETG, unha vez tomada a posesión do seu cargo, en sesión ordinaria, polo menos unha vez ó ano, no primeiro trimestre de cada ano, para aprobar a administración do seu orzamento anual e, en sesión extraordinaria, por proposta da Xunta de Goberno Territorial do COETG ou da sétima parte dos colexiados adscritos a ela. O Decano do COETG fará as convocatorias mediante notificación persoal a cada colexiado, remitida por correo ou, se procede, por calquera medio electrónico, cunha

# 5 | 6

antelación mínima de quince días naturais á data da súa celebración. O anuncio expresará a data da convocatoria, o lugar e a hora de celebración e a orde do día, con expresión dos asuntos que se vaian tratar, así como, se procede, a data, lugar e hora da segunda convocatoria. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar, polo menos, un prazo de trinta minutos.

## **Artigo 6.**

Cada asistente poderá exercer a representación de ata un máximo de dous colexiados, que necesariamente deberá acreditarse por escrito e con carácter especial para cada Asemblea, previamente ó seu comezo. Isto é, cada colexiado poderá emitir un máximo de tres votos, incluíndo o seu propio. O representado sempre poderá revogar a representación outorgada por medio dun escrito para tal efecto, que se lle deberá entregar ó presidente da sesión con anterioridade a esta. A representación considerarase revogada automaticamente mediante a presenza física do colexiado na Asemblea.

# 7

## **Artigo 7.**

A Asemblea Xeral do COETG estará presidida polo Decano da Demarcación e actuará como Secretario o que o sexa tamén desta, quen levantará acta da reunión.

Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando se atopen, presentes ou debidamente representados, máis da metade dos colexiados adscritos ó COETG. A segunda convocatoria será válida calquera que sexa o número de asistentes. Correspóndelle ó Secretario do COETG constatar a acreditación dos asistentes e das representacións, formando a lista de asistentes.

O debate será conducido polo Decano e será asistido polo Secretario e teralle que ceder a palabra a quen corresponda para tomar parte nas discusións e proposicións que lle afecten persoalmente. Igualmente, a Asemblea poderá designar, se o considera conveniente, dous escrutadores de entre os colexiados concorrentes. Só se poderán tomar acordos sobre aqueles asuntos fixados na orde do día. Os acordos, en xeral, tomaranse

# 7

sobre propostas escritas. Os acordos serán adoptados por maioría simple dos votos válidos emitidos polo conxunto de asistentes e representados. Non se poderán adoptar acordos na quenda aberta de palabra.

As deliberacións e acordos da Asemblea Xeral do COETG reflectiranse en actas sucintas que serán redactadas polo Secretario e aprobadas pola propia Asemblea despois de que esta teña lugar ou, no seu defecto, na seguinte Asemblea.

A acta aprobada en calquera destas dúas formas terá forza executiva a partir da data da súa aprobación, sen prexuízo da execución dos acordos adoptados cando a acta estea pendente de aprobación.

Non poderá ter lugar a Asemblea do COETG sen a aprobación da acta anterior, non se poderán discutir actas aprobadas, nin someter a nova votación asuntos sobre os que recaera acordo con anterioridade, sen prexuízo da proposta de renovación do acordo en forma regulamentaria.

# 8

## **Artigo 8.**

A Asemblea Xeral canalizará a opinión dos colexiados, poderá examinar a xestión realizada pola Xunta de Goberno Territorial e, se é o caso, emitir voto de censura contra a súa actuación, en sesión extraordinaria realizada para tal efecto. Unha vez aprobado o voto de censura pola Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno Territorial celebrará un referendo acerca da súa continuidade nun prazo máximo de dous meses, cuxo resultado será vinculante.

O procedemento para a celebración do referendo será o previsto para as eleccións á Xunta de Goberno Territorial. A consulta fará referencia única e exclusivamente á continuidade da Xunta de Goberno Territorial e preguntaráselles ós colexiados a súa vontade ó respecto.

Logo de ratificado o voto de censura por referendo, a Xunta de Goberno Territorial cesará nas súas funcións, que serán asumidas pola Xunta de Goberno do COIT con carácter provisional, de conformidade co disposto no

# 9 | 10

artigo 51 do Regulamento Xeral de Réxime Interior.

## **Artigo 9.**

En todo o non previsto por este, estarase ó contido no Regulamento Xeral de Réxime Interior vixente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación.

## SECCIÓN SEGUNDA

Da Xunta de Goberno Territorial

## **Artigo 10.**

A Xunta de Goberno Territorial é o órgano executivo, de dirección e administración da demarcación, dentro da súa competencia.

Está composta polo Decano do COETG, o Vicedecano, o Secretario e un número de Vogais, comprendido entre 8 e 17. A propia Xunta de Goberno Territorial asignaralles ós seus membros os labores de tesourería e delegación de actividades. O seu Secretario é o Secretario da Demarcación.

As sesións ordinarias celebraranse, polo menos, cada

tres meses. As extraordinarias convocaranse a iniciativa do Decano Territorial ou pola maioría dos vogais. Para que queden constituídas, é necesaria a presenza da metade dos seus membros.

Os acordos, nas xuntas validamente constituídas, tomaranse por unanimidade ou maioría de entre os presentes e representados.

O exercicio dos cargos da Xunta de Goberno Territorial é honorífico e gratuíto, agás o disposto no artigo 16 respecto do Secretario.

Os dereitos que lles correspondan ós membros da Xunta de Goberno Territorial ou a outros colexiados, ós cales se lles encomende algún encargo determinado, por viáticos, axudas de custo e asistencias, dentro do orzamento anual do COETG, ateranse ós criterios xerais vixentes no colexio.

## **Artigo 11.**

Son atribucións da Xunta de Goberno Territorial, agás

# 11 | 12

advocación pola Xunta de Goberno, as seguintes:

- Exeracer a representación do Colexio ante os colexiados adscritos ó COETG.
- Exeracer a representación do Colexio ante particulares e empresas no seu ámbito territorial, ante as Autoridades e Organismos de ámbito autonómico e local e ante os periféricos da Administración do Estado, e poñer en coñecemento da Xunta de Goberno as actuacións correspondentes.
- Visar os traballos profesionais e recadar, se é o caso, os recursos por tal concepto.
- Intervir nos asuntos da competencia da Xunta de Goberno que só afecten á Demarcación Autonómica, por acordo expreso daquela.

## **Artigo 12.**

Son membros da Xunta de Goberno Territorial os elixidos por sufraxio universal, igual, dereito e secreto e serán electores e elixibles os colexiados adscritos a Galicia,



# 12 | 13

sobre candidaturas completas.

As vacantes de Vogal serán cubertas, por proposta da Xunta de Goberno Territorial, pola Asemblea Xeral.

A dimisión da Xunta de Goberno Territorial ha de ser presentada por esta á Asemblea Xeral do COETG, para a súa aceptación ou rexeitamento, cesando no primeiro caso ou continuando no segundo. No caso de cesamento en pleno da Xunta de Goberno Territorial, a Xunta de Goberno farase cargo provisionalmente das súas funcións, convocando eleccións no prazo dun mes para o resto do mandato.

### **Artigo 13.**

Son competencias propias da Xunta de Goberno Territorial, agás advocación da Xunta de Goberno:

- a. Constituírse legalmente, tomando posesión dos seus cargos.
- b. Exercer a representación colexiada do COETG e manifestar oficial e publicamente a súa opinión en temas

# 13

relacionados co seu ámbito de actuación.

- c. Nomear representantes en Organismos e Entidades de ámbito limitado ó COETG.
- d. Presentar estudos, informes e ditames ante autoridades e organismos do seu ámbito.
- e. Acordar a presentación de alegacións e reclamacións administrativas e propoñerlle á Xunta de Goberno do COIT a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais.
- f. Cumprir e facer cumprir no ámbito do COETG os Estatutos, Regulamentos e acordos dos órganos colexiais.
- g. Someter asuntos a coñecemento, información e referendo; neste último caso, dentro da súa competencia.
- h. Manter actualizadas, en coordinación coa Secretaría Xeral, as listas de colexiados adscritos ó COETG.
- i. Mediar, a instancia das partes interesadas, nas discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigas dimanantes dos encargos do COETG.
- j. Servir de canle ante os órganos xerais do Colexio para os colexiados adscritos ó COETG e para os demais colexiados, respecto dos asuntos dentro do seu ámbito e competencia.

# 13

- k. Facilitarlles ós Tribunais do ámbito do COETG, en quenda de oficio, a relación de colexiados que poidan ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais ou designalos por si mesma, en coordinación coa Secretaría Xeral, segundo proceda.
- l. Organizar actividades de carácter profesional, formativo e cultural.
- m. Controlar o funcionamento dos servizos do COETG.
- n. Efectuar as recadacións delegadas pola Xunta de Goberno do COIT, de conformidade co previsto nos seus Estatutos e no Regulamento Xeral de Réxime Interior e administrar o orzamento do COETG.
- o. Crear comisións abertas no seu ámbito, por iniciativa propia ou obrigatoriamente, a petición dun mínimo de 25 colexiados adscritos ó COETG.
- p. Facer relatorios e grupos de traballo sobre temas específicos.
- q. Redactar o resumo de actividades, para a información dos seus colexiados.
- r. Presentarlle á Xunta de Goberno do COIT as propostas de orzamentos do COETG e as liquidacións provisionais e definitivas da aplicación daquelas.
- s. Trasladar a sede do COETG, dentro de Galicia,

# 14

segundo o establecido nos estatutos do COIT.

t. Crear comisións internas executivas.

Do Decano do COETG

## Artigo 14.

Para ocupar o cargo de Decano do COETG é requisito indispensable estar colexiado e adscrito ó COETG, cunha anterioridade mínima dun ano da data de convocatoria de eleccións.

O Decano do COETG preside a Xunta de Goberno Territorial, a Asemblea Xeral do COETG e calquera reunión colexial á que asiste no ámbito de Galicia, dirixindo o debate e podendo exercer o voto de calidade. É o representante da Demarcación e do Decano-Presidente do Colexio, nas condicións xa indicadas.

Correspóndelle sancionar e executar os acordos da Xunta de Goberno Territorial; convocar referendo e enquisas; autorizar os escritos, informes e comunicacións promovidos no seu ámbito; visar as certificacións que expida o Secretario; dirixir os servizos da Demarcación e promover a acción colexial no seu ámbito.

# 14 | 15

Está facultado para decidir en asuntos de intrusismo e competencia profesional en caso de urxencia, para presentar alegacións administrativas no ámbito da Demarcación e para lle propoñer á Xunta de Goberno a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais, do cal dará conta posteriormente á Xunta de Goberno Territorial.

O Decano dirixe a acción da Xunta de Goberno Territorial e coordina as funcións dos seus membros, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

En caso de ausencia, enfermidade, suspensión, cesamento ou falecemento, substitúeo o Vicedecano nos dous últimos supostos polo resto do mandato e, noutros casos, por delegación regulamentaria.

**Do Vicedecano do COETG**

**Artigo 15.**

# 15 | 16

Correspóndelle ó Vicedecano substituír o Decano do COETG nos casos de ausencia, enfermidade, suspensión, falecemento ou cesamento deste por calquera causa, con plenitude das facultades recoñecidas a este no presente Regulamento, nos Estatutos e no Regulamento Xeral de Réxime Interior do COIT.

## Do Secretario do COETG

### Artigo 16.

O Secretario do COETG depende organicamente do Secretario Xeral do COIT, por delegación do Decano-Presidente, e funcionalmente do Decano do COETG.

O Secretario éo da Asemblea Xeral do COETG e da Xunta de Goberno Territorial. En caso de ausencia, substituirao o Vogal máis antigo como colexiado.

As súas atribucións son:

a. Dar fe dos acordos e resolucións da Asemblea e da Xunta de Goberno Territorial do COETG e dállelos a coñecer ós colexiados adscritos á Demarcación.

# 16

- b. Redactar e custodiar as actas e os libros de actas da Asemblea e da Xunta de Goberno Territorial.
- c. Asistir ó Decano do COETG na súa función de Presidente das sesións dos órganos colexiais.
- d. Exercer as facultades de inspección das funcións delegadas na Xunta de Goberno Territorial.
- e. Auxiliar ó Presidente da Mesa Electoral naquilo que sexa requirido.

O Secretario do COETG tamén exercerá as funcións de Secretario Técnico do COETG, polas cales poderá ser retribuído en función da dedicación prestada. As funcións executivas do Secretario poderán ser delegadas nun colexiado de recoñecida experiencia que estea adscrito ó COETG. Para tal efecto, a Xunta de Goberno Territorial do COETG propondrá o seu nomeamento á Xunta de Goberno.

As súas funcións, entre outras, serán:

- a. Correspóndelle, en coordinación cos Servizos Xerais do COIT e baixo a dirección do Secretario Xeral do COIT, desenvolver no seu ámbito territorial as xestións de rexistro e visado de traballos profesionais, organizar actividades culturais e formativas, levar o arquivo, dirixir

# 16 | 17

e conservar a documentación do COETG, as disposicións do material, etc.

**b.** Asistir, de forma xeral, con voz e sen voto, a todas as sesións dos órganos de goberno e das comisións que se establezan, co fin de lles dar o apoio que lle sexa requirido ós membros dos órganos colexiais.

**c.** Auxiliar ó Tesoureiro do COETG no exercicio das súas atribucións.

**d.** Auxiliar ó Secretario Xeral do COIT nas relacións de orde administrativa, coas demais Demarcacións Territoriais, así como con todos os Colexios e Asociacións Profesionais, tanto nacionais coma estranxeiras.

## Do Tesoureiro do COETG

### Artigo 17.

O Tesoureiro terá as seguintes funcións:

**a.** Recadar, custodiar e administrar os fondos do COETG, realizando os pagamentos e cobramentos ordenados polo Decano e ocupándose de que a contabilidade se leve a cabo axeitadamente e en coordinación cos Servizos Xerais do Colexio, co fin de lle



# 17 | 18

render contas á Xunta de Goberno Territorial do COETG.

**b.** Renderlle contas semestralmente á Xunta de Goberno Territorial do funcionamento económico do COETG, así como do movemento e aplicación dos seus fondos, ingresos e gastos.

**c.** Presentarlle á Xunta de Goberno Territorial, previamente á Asemblea Xeral ordinaria anual, os orzamentos correspondentes ó ano seguinte, para que, unha vez aprobados pola Xunta correspondente, sexan presentados á Asemblea.

**d.** Conxuntamente co Decano ou co Vicedecano, poderá abrir e pechar contas correntes, de depósito ou de aforro en nome do COETG, logo da autorización da Xunta de Goberno do COIT, e realizar aqueles actos administrativos ou de disposición que sexan necesarios con relación ós recursos do COETG.

## Dos Vogais da Xunta de Goberno Territorial do COETG

### **Artigo 18.**

Os Vogais desempeñarán as funcións particulares que lles sexan atribuídas polo Decano do COETG ou pola

# 19

Xunta de Goberno Territorial, así como as expresamente atribuídas polo presente Regulamento.

Da provisión de vacantes

## Artigo 19.

- En caso de cesamento ou renuncia xustificada do Decano do COETG que faga imposible o desempeño do cargo, será substituído polo Vicedecano, ata o momento no que finalice o mandato da Xunta de Goberno Territorial.
- En caso de cesamento ou renuncia xustificada do Vicedecano, será substituído polo Vogal primeiro e, no seu defecto, polo Vogal segundo, e así sucesivamente.
- En caso de cesamento ou renuncia xustificada do Secretario, será substituído polo Vogal primeiro, no seu defecto, polo Vogal segundo, e así sucesivamente.
- En caso de cesamento ou renuncia xustificada do Tesoureiro, será substituído polo Vogal primeiro, no seu defecto, polo Vogal segundo, e así sucesivamente.

# 19

---

– As vacantes que se produzan de entre os Vogais da Xunta de Goberno Territorial serán cubertas polos suplentes indicados na candidatura electa, se é o caso, na mesma orde na que figuraron naquela. A numeración dos Vogais refarase, con tal de que manteñan a posición relativa que tiñan antes de producirse a suplencia, de maneira que o Vogal suplente ocupe a última posición. Por proposta do Decano, a Xunta de Goberno Territorial poderá acordar que as vacantes se cubran nunha orde distinta á establecida por defecto.

# 20

## **CAPÍTULO TERCEIRO**

### Dos recursos económicos e réxime patrimonial

#### **Artigo 20.**

O patrimonio do Colexio é único, aínda que o uso dos seus bens pode estar adscrito ós Órganos Xerais ou ás Demarcacións.

No orzamento xeral haberá asignacións diferenciadas para os Órganos e Servizos Xerais, Institucións e Demarcacións, tendo en conta o número de colexiados adscritos, as recadacións delegadas, os gastos producidos e as diversas actividades promovidas, con relación ó ano anterior, introducindo factores de ponderación e un termo constante.

Para estes efectos, entenderase por termo constante aquela dotación que, a xuízo da Xunta de Goberno, garanta a continuidade das Institucións e Demarcacións constituídas, en tanto en canto non sexan formalmente disoltas.

# 21

## **Artigo 21.**

### Dotación económica do COETG

**1.** As dotacións económicas das Demarcacións formarán parte do orzamento xeral do Colexio, segundo se establece no artigo 64.4 dos Estatutos. Co fin de garantir a estabilidade económica do modelo territorial e a solidariedade entre os colexiados, as demarcacións beneficiaranse, en proporción á súa actividade colexial, dos ingresos que por calquera concepto se inclúan nos orzamentos do colexio, con independencia de onde se xeren.

**2.** A dotación económica anual de cada Demarcación será a que resulte de aplicar o coeficiente orzamentario da demarcación (CPD) ó 50% dos ingresos orzamentados para o Colexio. Entenderase por CPD o que cada ano sexa aprobado na Asemblea Xeral ordinaria do COIT do mes de decembro, con base en criterios obxectivos e uniformes obtidos, en función dos seguintes datos reais da anualidade inmediata anterior: número de visados presentados e/ou os dereitos de visado xerados na sede de cada Demarcación.

# 21

---

3. De conformidade co previsto no artigo 64.5 dos Estatutos, e co fin de corrixir desequilibrios entre as distintas Demarcacións Territoriais, estas poderán incorporar ás súas dotacións orzamentarias as cantidades que correspondan do Fondo de Compensación Interterritorial, por proposta das Xuntas de Goberno Territoriais e logo da aprobación da Xunta de Goberno.

4. O saldo remanente que poida existir en cada demarcación ó finalizar o exercicio anual será acumulable a exercicios posteriores e formará parte do seu orzamento particular.

## **CAPÍTULO CUARTO**

### Réxime electoral

#### **Artigo 22.**

A Xunta de Goberno Territorial convocará eleccións, como mínimo, tres meses antes do remate do seu mandato.

#### **Artigo 23.**

A elección dos cargos da Xunta de Goberno Territorial realizarase para un período de catro (4) anos, mediante proceso electoral convocado por esta.

Logo de adoptado o acordo de convocatoria, comunicáraselle á Xunta de Goberno do COIT, farase público mediante a súa inserción en medios de comunicación oficiais da Demarcación Territorial e a remisión por correo postal e/ou electrónico ós colexiados, co obxecto de que poidan facer uso dos seus dereitos a elixir e a seren elixidos.

# 23 | 24

A convocatoria de eleccións realizarase con, polo menos, noventa (90) días de antelación á data na que deban ter lugar.

## **Artigo 24.**

Simultaneamente ó acordo de convocatoria de eleccións, a Xunta de Goberno Territorial designará por sorteo os integrantes da Mesa Electoral de entre os colexiados, que se encargará da dirección, ordenación, organización, control e seguimento do procedemento electoral.

A Mesa Electoral estará formada por catro membros: un presidente, un vicepresidente, un secretario e un vicesecretario e designarase para cada cargo un colexiado titular e outro de reserva, que aceptarán ou rexeitarán a súa designación no prazo de dez días. O cargo de membro da Mesa Electoral é obrigatorio, salvo os casos de enfermidade, ausencia xustificada durante o período electoral ou no caso de que se presente como candidato ás eleccións.

Se non se completasen os cargos de entre os oito



# 24 | 25

elixidos, estes serán substituídos polos colexiados con número correlativo superior ó titular, ata completalos. No caso de que o titular sexa membro dunha candidatura farao o suplente, e se tamén o fose, procederase á súa substitución polo colexiado con número superior.

A Mesa Electoral quedará validamente formada cando ás súas reunións acudan a maioría dos seus membros e adoptaranse os acordos por maioría simple de entre os presentes. Estará investida de cantas facultades sexan necesarias para resolver reclamacións, dúbidas e interpretacións que poidan xurdir no proceso electoral e deberá resolver cantas cuestións lle sexan formuladas, no prazo máximo de tres días.

## **Artigo 25.**

Os colexiados poderán presentarse ás eleccións integrando unha candidatura completa da Xunta de Goberno Territorial e poderán incluírse, neste caso, ata un máximo de cinco substitutos, designados como Vogais numerados sucesivamente a partir do noveno Vogal.

# 25 | 26

O prazo de presentación de candidaturas polos colexiados que desexen presentarse ás eleccións será de corenta e cinco días naturais, computables dende que se faga pública a convocatoria de eleccións e deberá obrar na Secretaría da Demarcación Territorial dentro do dito prazo.

As candidaturas formaranse con listas pechadas e detallarase a totalidade dos cargos ós que se presentan. En todas as candidaturas deberán facerse constar, necesariamente, os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo e número de colexiado, número de DNI de cada candidato, cargo para o que se presenta e data e sinatura de cada un dos candidatos.

## **Artigo 26.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, e dentro dos dez días naturais seguintes, a Mesa Electoral examinará as presentadas e fará proclamación das candidaturas validamente presentadas, notificándolles, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción polo

# 26 | 27

destinatario, a aquelas que fosen rexeitadas os motivos da exclusión, co fin de que emenden os defectos atopados no prazo de tres días. As notificacións remitiránselle ó cabeza de lista. Unha vez pasado o prazo para a emenda de defectos, procederase á proclamación de candidaturas, que se farán públicas entre os colexiados.

Se non se presentasen candidaturas ou se as presentadas non fosen válidas, continuará no exercicio das súas funcións a Xunta de Goberno Territorial existente, quen deberá convocar eleccións no prazo de seis meses.

## **Artigo 27.**

Unha vez proclamadas as candidaturas e ata o momento de levar a efecto as votacións, abrírase o período de campaña electoral no que cada candidato poderá facer uso de cantos medios estime convenientes, e pola súa conta. As campañas deberán cumprir en todo momento as normas de mutuo respecto e consideración cara ós contrincantes e colexiados en xeral, así como cara ó

# 28 | 29

propio Colexio.

## **Artigo 28.**

Se soamente se presentase unha candidatura completa e válida, proclamada como tal pola Mesa Electoral, procederase por esta á súa investidura como lexitimamente elixida.

## **Artigo 29.**

A votación das candidaturas realizarase nunha soa papeleta, na que cada colexiado elector fará constar o seu voto.

As formas nas que se poderá emitir o voto poderán ser:

- a. Persoalmente, entregándolle a papeleta á Mesa Electoral no momento da votación.
- b. Por correo ou medio similar, en sobre pechado dirixido ó Presidente da Mesa Electoral, no que conste o nome, apelidos, domicilio, número de colexiado e número do DNI do votante e no que se incluírán, necesariamente, fotocopia do DNI ou do carné de colexiado e sobre pechado e asinado polo colexiado no reverso, coa papeleta de voto. Os votos así emitidos deberán obrar en poder do Presidente da Mesa Electoral con

# 29 | 30

anterioridade ó momento de inicio das votacións. As votacións iniciaranse e rematarán nas horas que fixe a Mesa Electoral.

Unha vez rematada a votación, procederáse ó escrutinio dos votos polos membros da Mesa Electoral. En caso de empate, será elixida a candidatura co Decano de máis idade. A Xunta de Goberno Territorial así elixida tomará posesión inmediata dos seus cargos, sen prexuízo dos recursos que poidan interpoñerse.

## **Artigo 30.**

Ata que os novos membros da Xunta de Goberno Territorial tomen posesión do seu cargo, os membros que cesan por quenda regulamentaria continuarán no exercicio das súas funcións.

A primeira reunión da Xunta de Goberno Territorial na que os membros elixidos deban tomar posesión dos seus cargos convocaráa o Decano saínte, e deberán concorrer os colexiados integrantes da Xunta de Goberno Territorial entrante e saínte, tomando posesión

# 31

---

aqueles e cesando os últimos.

## **Artigo 31.**

Se a Xunta de Goberno Territorial en exercicio non convocase eleccións dentro dos prazos establecidos e, unha vez transcorridos dous meses dende a data na que debera facelo, a Xunta de Goberno do COIT asumirá as funcións da Xunta de Goberno Territorial, e deberá convocar eleccións no prazo de quince días, computables dende a data da súa toma de posesión.

A Xunta de Goberno Territorial que incumpra a súa obriga de convocar eleccións cesará en todos os seus cargos nese momento e ningún dos seus membros poderá presentarse como candidato nas primeiras eleccións que sexan convocadas a continuación.

## **CAPÍTULO QUINTO**

### **Modificación do Regulamento Particular do COETG**

#### **Artigo 32.**

O acordo de modificación do presente Regulamento deberá ser adoptado pola Asemblea Xeral de colexiados do COETG, en reunión extraordinaria, de conformidade coas regras contidas nos Estatutos, Regulamento Xeral de Réxime Interior e no presente Regulamento, para a súa celebración e adopción de acordos.

#### **Artigo 33.**

A modificación do presente Regulamento deberá serlle proposta á Asemblea Xeral pola Xunta de Goberno Territorial do COETG. A Xunta de Goberno Territorial deberá solicitar, previamente á convocatoria da Asemblea, un informe do Consello de Colexio respecto ós preceptos ou aspectos que se van modificar, manifestando, se é o caso, a redacción alternativa dos preceptos que se pretenden substituír. O dito informe

# 33 | 34


seralle emitido e entregado á Xunta de Goberno Territorial nun prazo máximo dun mes, ampliable por esta a dous meses, cando a importancia ou o volume das modificacións propostas así o aconsellen.

O informe emitido polo Consello de Colexio non será vinculante, pero deberá poñerse en coñecemento da Asemblea Xeral con carácter previo á adopción dos acordos de modificación.

## **Artigo 34.**

A Xunta de Goberno Territorial, e no ámbito da súa demarcación, poderá ditar cantas instrucións estime convenientes para o desenvolvemento e mellor comprensión do presente Regulamento, en todo o non previsto por este.





Deseño

Barro Salgado Santana

Impresión

Galaica de Artes Gráficas

---